

DESTINATARIO/A: ENSINO PROFESIONAL GALEGO, S.L.

ACORDO DE AUTORIZACIÓN DE INICIO DE TRÁMITE CONCESIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO

TIPO DE TÍTULO	CONCESIÓN DE OCUPACIÓN DO DPP
OBXECTO	OCUPACIÓN DO DPP EN SUPERFICIE PARA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS PARA A ACTIVIDADE DE FORMACIÓN NÁUTICO-PESQUEIRA
SOLICITANTE	ENSINO PROFESIONAL GALEGO, S.L.
CLAVE	12-43-24-C-1
PORTO	PORTOSÍN - ZONA CENTRO - MUNICIPIO: PORTO DO SÓN

OBRA/S DE PORTOS DE GALICIA QUE SE OCUPA/N	-
---	---

ANTECEDENTES

O **01/11/2015**, por resolución da Presidencia de Portos de Galicia, **OUTORGOUSE O TÍTULO** de ocupación do dominio público portuario **CLAVE 12-43-15-B-3**, cuxo **PRAZO VENCEU O 31/10/2018**.

O **28/11/2024**, ten entrada na Área de Explotación e Planificación a **SOLICITUDE DE NOVA CONCESIÓN** indicada no encabezamento.

O **17/12/2024** a **XEFATURA DA ÁREA DE EXPLOTACIÓN E PLANIFICACIÓN PROPÓN O ACORDO DE INICIO DE TRÁMITE**.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Vista á solicitude do/a interesado/a.

Visto o expediente tramitado de acordo co previsto na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia.


Visto o informe favorable de proposta de inicio de trámite da concesión indicado nos antecedentes, e considerando que o **uso solicitado é acorde coa DEUP aprobada**.



Considerando que co trámite desta concesión administrativa podería ser compatible co Art. 66 da Lei 6/2017 de portos de Galicia e "a priori" non se observa que prexudica o desenvolvemento das actividades portuarias nin se producen danos a terceiros.

ACORDO DE AUTORIZACIÓN DE INICIO DE TRÁMITE DE CONCESIÓN

Unha vez examinada a documentación presentada, e considerando axeitada a solicitude, **ACÓRDASE A AUTORIZACIÓN DO INICIO DO TRÁMITE DA CONCESIÓN DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO** cos datos do encabezamento.



Non obstante con carácter previo ó inicio de trámite, **informase do seguinte:**

1. COMPROBACIÓN DA EXISTENCIA DE SOLICITUDE/S OU TÍTULO/S DE OCUPACIÓN NO MESMO PORTO E PROCEDENCIA DO TRÁMITE DA SOLICITUDE

COMPROBACIÓN DA EXISTENCIA DE SOLICITUDE/S OU TÍTULO/S DE OCUPACIÓN NO MESMO PORTO E PROCEDENCIA DO TRÁMITE DA SOLICITUDE	
☒	A presente SOLICITUDE DE CONCESIÓN PROVÉN DO TÍTULO EXTINGUIDO CLAVE 12-43-15-B-3, vixente ata o 31/10/2018.



2. OCUPACIÓN DE SUPERFICIES NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO :

ANÁLISE DE OCUPACIÓN DE SUPERFICIES DO TÍTULO DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO						
SITUACIÓN DA SUPERFICIE		ANÁLISE DE OCUPACIÓN DE SUPERFICIES			DETALLE DA DESCRICIÓN DA OCUPACIÓN DE SUPERFICIE	ÁREA EN PLANTA (m²)
		Tipo de ocupación	SI	NON		
Terra	En superficie	Non permite outros usos en superficie	☐	☒	ÁMBITO COMPLETO	1.096
	Soterrada	Permite o uso en superficie	☐	☒	-	-
	Rampla	Rampla existente	☐	☒	-	-
Aérea ou voo		Permite o uso en superficie	☐	☒	-	-
Auga	En superficie	Non permite outros usos en superficie	☐	☒	-	-
	Somexida	Permite o uso en superficie	☐	☒	-	-
	Foso	Foso existente	☐	☒	-	-
	Novo recheo	Execución de novo recheo	☐	☒	-	-
TOTAL OCUPACIÓN SUPERFICIES						1.096
As superficies poderán sufrir variacións debido a actualizacións cartográficas ou inspeccións dos servizos técnicos de Portos de Galicia						

3. TIPO DE TRAMITACIÓN DA CONCESIÓN:

PROCEDEMENTO DE PROPOSTA DE TRÁMITE E OUTORGAMENTO DA CONCESIÓN ¹	
Iniciación do procedemento:	
Solicitud do interesado	
Tipo de outorgamento (se procede):	
DIRECTO. A superficie da concesión é inferior a 2.500 metros cadrados ou son instalacións lineais	

4. OBRAS, EDIFICACIÓNS E INSTALACIÓNS DE TITULARIDADE DE PORTOS DE GALICIA QUE SE OCUPAN NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO

OBRAS, EDIFICACIÓNS OU INSTALACIÓNS DE TITULARIDADE DE PORTOS DE GALICIA QUE SE AUTORIZA OCUPAR NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO	
☒	NON se solicita

¹ Art. 68 da Lei 6/2017 de portos de Galicia



5. NOVAS OBRAS NON DESMONTABLES² QUE SE SOLICITAN NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO:

NOVAS OBRAS NON DESMONTABLES ³ QUE SE SOLICITAN NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO	
☐ NON se solicita/n	
Si se solicita/n	☒ Autorizar ☐ Regularizar
SITUACIÓN	DESCRCCIÓN
Terra En superficie	Edificio e instalacións en peirao
Plano/s e imaxe/s da/s obras non desmontables solicitadas:	

PROXECTO OU DOCUMENTO TÉCNICO DESCRITIVO: DATOS E PERSOAL TÉCNICO REDACTOR				
☐ DOCUMENTO TÉCNICO DESCRITIVO		☒ PROXECTO BÁSICO	☐ PROXECTO CONSTRUTIVO	
REXISTRO ENTRADA	DATA DE SINATURA	TÍTULO DA PORTADA	TÉCNICO/A QUE ASINA	VISADO
Data	28/11/2024	PROYECTO BÁSICO DE EDIFICACIONES PARA IMPARTICIÓN DE CURSOS PARA FORMACIÓN EN SEGURIDAD MARÍTIMA	Nome e apelidos	☐ Si ☒ Non ☐ Non aplica
28/11/2024			Eugenio José Torreira	
Número			Titulación	Data
-			Arquitecto	-
			Número colexiación	Número
			2865	-
ORZAMENTO CON IVE				409.310 €
PRAZO DE EXECUCIÓN				12 MES/ES
Imaxe da portada do proxecto/documento técnico descriptivo:				

² Definición de desmontable, segundo o Art. 51.2 da Lei 22/1988 de Costas

³ Definición de desmontable, segundo o Art. 51.2 da Lei 22/1988 de Costas



	
PROYECTO:	BÁSICO DE EDIFICACIONES PARA IMPARTICIÓN DE CURSOS PARA FORMACIÓN EN SEGURIDAD MARÍTIMA
SITUACIÓN:	PORTO DE PORTOSÍN - PORTO DO SON - A CORUÑA
PROPIEDAD:	ENSINO PROFESIONAL GALEGO S.L.
FECHA:	NOVIEMBRE 2024
SUSTITUYE:	
EXPTE.	05.1401/22
C/SENRA 3, 1C, Santiago de Compostela Tlf/Fax: 981 575297 - 616708885 email: dicomposarsc@gmail.com www.dicomposar.com	
	

6. INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS DESMONTABLES⁴ QUE SOLICITAN NO TÍTULO DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO

INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS DESMONTABLES ⁵ QUE SE SOLICITA/N NO TÍTULO DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO	
☒	NON se solicita/n

7. OBRAS DE EDIFICACIÓN OU URBANIZACIÓN LINDEIRAS Á ZONA DE SERVIZO DO PORTO

OBRAS DE EDIFICACIÓN OU URBANIZACIÓN LINDEIRAS Á ZONA DE SERVIZO DO PORTO	
☒	NON se executarán obras de urbanización ou edificación lindeiras coa zona de servizo do porto

⁴ Art. 51.2 da Lei 22/1988 de Costas. NON se solicita ningunha instalación non desmontable.


⁵ Definición de desmontable, segundo o Art. 51.2 da Lei 22/1988 de Costas



8. SUBMINISTRACIÓN DE AUGA E ELECTRICIDADE POR PORTOS DE GALICIA:

ELECTRICIDADE - SUBMINISTRACIÓN POR PORTOS DE GALICIA ⁶		
NON DEFINIDO	☒	NECESARIO DEFINIR NO PROXECTO BÁSICO O PUNTO DE ACOMETIDA E POTENCIA (kW) QUE NECESITA
AUGA – SUBMINISTRACIÓN POR PORTOS DE GALICIA ⁷		
NON DEFINIDO	☒	NECESARIO DEFINIR NO PROXECTO BÁSICO O PUNTO DE ACOMETIDA E CAUDAL (l/s) QUE NECESITA

9. CUMPRIMENTO DA PLANIFICACIÓN PORTUARIA E URBANÍSTICA VIXENTE:

DELIMITACIÓN DE ESPAZOS E USOS PORTUARIOS (DEUP)	
DOCUMENTO ESPAZOS E USOS VIXENTE	SI
DATA APROBACIÓN ÚLTIMO DOCUMENTO DE ESPAZOS E USOS VIXENTE	29-08-2016
SUPERFICIE A OCUPAR DENTRO DA ZONA DE SERVIZO DO PORTO	SI
USO DEUP DEFINIDO EN SUPERFICIE A OCUPAR	COMPLEMENTARIO
	
COMPATIBILIDADE DA/S ACTIVIDADE/S SOLICITADA/S (OU AUTORIZADA/S) CO/S USO/S	SI
PLAN ESPECIAL DE ORDENACIÓN PORTUARIA (PEOP)	
PLAN ESPECIAL VIXENTE	NON
PLANEAMENTO URBANÍSTICO VIXENTE NO SIOTUGA (SE PROCEDE)	
CONCELLO	PORTO DO SON
INSTRUMENTO DE PLANEAMENTO VIXENTE	PXOM
DATA APROBACIÓN DEFINITIVA PLANEAMENTO VIXENTE	28/04/2016

⁶ O falseamento de información subministrada a Portos de Galicia supón unha infracción grave, segundo o Art. 132.f) da Lei 6/2017 de portos de Galicia. As infraccións graves sancionaranse con multas de ata 300.000€, segundo o Art. 137.1.b) da mesma Lei. A omisión ou aportación defectuosa de información subministrada a Portos de Galicia supón unha infracción leve, segundo o Art. 131.f) da Lei 6/2017 de portos de Galicia. As infraccións leves sancionaranse con multas de ata 60.000€, segundo o Art. 137.1.a) da mesma Lei.

⁷ O falseamento de información subministrada a Portos de Galicia supón unha infracción grave, segundo o Art. 132.f) da Lei 6/2017 de portos de Galicia. As infraccións graves sancionaranse con multas de ata 300.000€, segundo o Art. 137.1.b) da mesma Lei. A omisión ou aportación defectuosa de información subministrada a Portos de Galicia supón unha infracción leve, segundo o Art. 131.f) da Lei 6/2017 de portos de Galicia. As infraccións leves sancionaranse con multas de ata 60.000€, segundo o Art. 137.1.a) da mesma Lei.



DETERMINACIÓNS URBANÍSTICAS ESPECÍFICAS DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO VIXENTE NO ÁMBITO DA ZONA DE SERVIZO DO PORTO	SI
 PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE PORTO DO SON forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto do Son aprobado polo Pleno de Corporación o 25/02/2016. Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data 28 ABR. 2016 O xefe do servizo de Planificación Asdo. José Manuel González García. O secretario,	
4.9.8. SISTEMA XERAL PORTUARIO. 1. Definición. Forman parte do dominio público portuario os terreos, obras e instalacións fixas dos portos, así como os terreos do dominio público marítimo-terrestre afectos aos portos e instalacións portuarias e así delimitados pola autoridade correspondente (Portos de Porto do Son, Portosin e Boa). Os mesmos, de conformidade co previsto na lexislación vixente, son cualificados polo presente Plan Xeral como sistema xeral portuario, quedando en consecuencia afectos ao uso e dominio públicos. 2. Condicións de uso. Para efectos da súa regulación pormenorizada estarase ao disposto no artigo 72 da LPE. 3. Condicións de aplicación. O réxime dos espazos portuarios axustarase ao disposto na LPE, na correspondente Delimitación dos espazos e usos portuarios (en adiante DEUP), no planeamento especial que os desenvolva, no seu caso, e na restante lexislación urbanística ou específica na materia. 4. Condicións de ordenación e desenvolvemento. 1. Para a ordenación dos recintos portuarios en condicións normais debера terse aprobado en cada ámbito portuario a correspondente DEUP, e se non, terá que formularse un Plan Especial de Infraestruturas pola Autoridade Portuaria (Servizos Portuarios do Ente Público Portos de Galicia), e terá por obxecto a súa organización interna, así como a regulación das actividades que poidan establecerse no seu interior, e a súa tramitación e aprobación se axustará ao disposto na lexislación urbanística e sectorial aplicable. 2. A inclusión do recinto portuario no ámbito dun Plan Especial implica a suspensión do procedemento de concesión de licenzas mentres non se produza a súa entrada en vigor. Non obstante, durante este período poderán autorizarse obras ou actuacións que atendan a normativa transitoria que se axunta. 5. Normativa Transitoria. Se non se tivesen aprobado as correspondentes DEUP ou PE respectivos a cada un dos portos (ou se por calquera circunstancia fosen anulados ou perdesen a súa vixencia), aplicarase a presente Normativa transitoria ata a aprobación dos mesmos: - Xestión e tutela das zonas de servizo (sistema xeral portuario): calquera actuación no solo, de carácter urbano portuario, deberá contar coa previa concesión ou autorización, segundo sexa o caso, dos organismos portuarios competentes. - Usos permitidos e prohibidos: os indicados na lexislación vixente en materia de portos (Texto refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante, -Real decreto legislativo 2/2011, de 5 de setembro; Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas e o Regulamento xeral para o seu desenvolvemento e execución). - Altura: A altura máxima das edificacións (de coroación) será de 12 metros, exceptuándose desta delimitación aquelas instalacións singulares destinadas ao servizo do porto, tales como depósitos, silos, torres de iluminación e balizamento, etcétera. - Normas estéticas: as edificacións deberán integrarse esteticamente no conxunto do porto, sen provocar roturas co contorno, por deseño, cor, remates, etcétera, debéndose cumprir coa normativa ditada pola Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta na zona que sexa de aplicación.	
CUMPRIMENTO DAS DETERMINACIÓNS URBANÍSTICAS ESPECÍFICAS DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO VIXENTE NO ÁMBITO DA ZONA DE SERVIZO DO PORTO	NON APLICA
EN CASO DE NON EXISTIR PLANEAMENTO URBANÍSTICO VIXENTE QUE DETERMINE, INDICAR SE SE CUMPRE COA DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEXTA DA LEI 6/2017, DO 12 DE DECEMBRO, DE PORTOS DE GALICIA QUE DEFINE AS NORMAS URBANÍSTICAS DE APLICACIÓN DIRECTA	SI
EXISTENCIA DE CONSTRUCIÓN OU INSTALACIÓNS FÓRA DE ORDENACIÓN	NON Construción/Instalación: -



10. CÓDIGO PBIP

ANÁLISE DA PROCEDENCIA DE APLICACIÓN CÓDIGO PBIP	
LOCALIZACIÓN DO TÍTULO DENTRO DA ZONA DE CÓDIGO PBIP	NON. NO PORTO NON HAI ZONA PBIP
REFLECTIDO ADECUADAMENTE NO PROXECTO/DOCUMENTO TÉCNICO	NON APLICA. NO PORTO NON HAI ZONA PBIP

11. MEDIOS MECÁNICOS A AUTORIZAR NO TÍTULO DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO:

MEDIOS MECÁNICOS QUE SE SOLICITAN AUTORIZAR NO TÍTULO DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO	
☐	NON se solicita
☒	SI se solicita
MEDIO MECÁNICO	GUINDASTRE NON AUTOMÓBIL DE PLUMA NON ARTICULADA NON TELESCÓPICA
MEDIO MECÁNICO	GUINDASTRE NON AUTOMÓBIL DE PLUMA NON ARTICULADA NON TELESCÓPICA
MEDIO MECÁNICO	PESCANTE BOTE SALVAVIDAS
PROPIETARIO/A	☐ SI PORTOS DE GALICIA ☒ NON PORTOS DE GALICIA
Imaxe/s de ubicación do medio mecánico no porto:	
Fotografía/s do medio mecánico:	



12. DEPENDENCIA DA ACTIVIDADE DOUTRAS AUTORIZACIÓNS/CONCESIÓNS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS:

DEPENDENCIA DOUTRO/S TÍTULO/S DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS					
Depende doutro/s títulos doutra/s administracións	☐	Si – Administración: -	Se realizará/n nova/s actuación/s	☐	Si
	☒	Non		☒	Non

13. PRAZO estimado da concesión:

XUSTIFICACIÓN DO PRAZO DA CONCESIÓN PROPOSTO			
Segundo Instrución 2/2022 de Portos de Galicia para fixar o prazo das concesións localizadas nos portos dependentes da Comunidade Autónoma Galega			
CRITERIO	VALORACIÓN	NÚMERO DE ANOS	ANOS ADICIONAIS
INVESTIMENTO COMPLETO ⁸ , INCLUÍENDO OBRA CIVIL E EQUIPAMENTOS (IVE INCLUÍDO)	409.310 € €	20 anos	-
1.- Vinculación do obxecto da concesión á actividade portuaria e grado de adaptación á actividade portuaria	ALTA	-	5 anos
2.- Disponibilidade de espazo portuario	MEDIA	-	
3.- Incremento da actividade que se xere no porto	ALTA	-	
4.- Vida útil da inversión	ALTA (máis de 15 anos de vida útil)	-	
5.- Prazo de execución das obras concesionais	ALTA (máis de 12 meses de prazo)	-	
RESUMO DO PRAZO DA CONCESIÓN PROPOSTO			
PRAZO INICIAL ⁹	25 anos	PRÓRROGA MÁXIMA (1/2 prazo inicial)	12,5 anos

⁸ Aos efectos do computo da inversión tida en conta para calcular o prazo concesional computarase, ademais do orzamento previsto para execución de obra no seu caso, a inversión prevista para a adquisición dos equipamentos e do mobiliario necesarios, sempre e cando se acredite a súa compra e non se poña a disposición da concesión por outras vías como a cesión, aluguer, etc. O custo do equipamento adquirido deberá reflectirse no proxecto concesional, o no seu defecto, na documentación técnica presentada.

⁹ Art. 67.2 da Lei 6/2017 de portos de Galicia



14. CONDICIÓN ECONÓMICA da concesión:

CONDICIÓN ECONÓMICA DA CONCESIÓN (Anexo VIII)				
1.- Resumo de Taxas por utilización privativa, ocupación, ou aproveitamento especial do dominio público portuario (TODP):				
TODP TOTAL (OCUPACIÓN DE SUPERFICIES, EDIFICACIÓN E BENS DE TITULARIDADE DE PORTOS DE GALICIA) CONSIDERANDO, SE APLICAN, BONIFICACIÓN/S E MELLORA DE CANON POR CONCURSO				
RESULTADO DO CÁLCULO DA TODP (SEN IVE)	TIPO TODP	COTA TODP	DEPRECIACIÓN TODP	TOTAL
	SUPERFICIES	3.770,82 €/ano	-	3.770,82 €/ano
	EDIFICACIÓN	-	-	-
	OBRAS E INSTALACIÓN	-	-	-
TOTAL TODP		3.770,82 €/ano	-	3.770,82 €/ano
2.- Resumo de Taxas portuarias polo exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos (CIS):				
Nº ACTIVIDADES A DESENVOLVER: 1				
TIPO CIS	ACTIVIDADE ESPECÍFICA	GRAVAME DA TAXA CIS	METODOLOXÍA DE CÁLCULO DA COTA DA CIS	
1 (XER) I) 6.a) RESTANTES SERVIZOS E ACTIVIDADES COMERCIAIS INDUSTRIAIS PORTUARIAS (INDICATIVO, NON LIMITATIVO)	FORMACIÓN E ENSINANZAS NÁUTICAS	1%	Gravame * Importe neto cifra anual de negocio	
Cálculo da CIS a título estimativo-informativo:				
ANO DOS DATOS DE CÁLCULO DA CIS	QD PEIXE (LONXAS) OU IMPORTE NETO ANUAL CIFRA DE NEGOCIO (€)	GRAVAME DA TAXA CIS	COTA DA CIS (SEN IVE) INFORMATIVA	
1 SEN DATOS	UNIDADE DE APLICACIÓN	1%	-€/ano	
3.- RESUMO TOTAL DE TAXAS (SEN IVE) A DEVENGAR ANUALMENTE A PORTOS DE GALICIA				3.770,82 €/ano sen IVE

O cálculo de canon/taxas, poderá ser recalculado a resultados dos datos obtidos no levantamento topográfico a realizar ós efectos. **Estas taxas deberán ser comunicadas ó solicitante.**

(O cálculo de canon/taxas, poderá ser recalculado a resultados dos datos obtidos na tramitación da concesión, e no levantamento topográfico no caso de ser realizado)

15. DOCUMENTACIÓN A COMPLETAR por parte do solicitante, a recabar pola XEFATURA DE ZONA:

DOCUMENTACIÓN DO TRÁMITE		
☒	INCOMPLETA. Debe requirir a Xefatura de Zona e emendar o interesado	
TRÁMITE	DOCUMENTO	DESCRIPCIÓN DO DOCUMENTO
DOCUMENTACIÓN A COMPLETAR POLO SOLICITANTE A RECABAR POLA XEFATURA DE ZONA	1	Garantía provisional: 8.186,20 €€ Para identificar adecuadamente a garantía, o texto que deberá reflexar o concepto da garantía deberá ser: - CONCESIÓN NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO - OBXECTO DA CONCESIÓN: O que se indique no encabezado da primeira páxina do presente documento - CLAVE DA CONCESIÓN: O que se indique no encabezado da primeira páxina do presente documento - PORTO: O que se indique no encabezado da primeira páxina do presente documento - TRÁMITE AO QUE RESPONDE A GARANTÍA: - TIPO DE GARANTÍA: Garantía provisional - GARANTÍA A FAVOR DE PORTOS DE GALICIA
	2 Proxecto básico	ACOMETIDA AUGA POTABLE: débese indicar expresamente se se conectará á rede de abastecemento de Portos de Galicia ou non. EN caso afirmativo, Portos de Galicia facturará a taxa E-3.
	3	ACOMETIDA AUGA ELECTRICIDADE: débese indicar expresamente se se conectará á rede de electricidade de



	Proxecto básico	Portos de Galicia ou non. EN caso afirmativo, Portos de Galicia facturará a taxa E-3.
	4	Débase remitir a documentación de cada un dos 3 medios mecánicos (2 guindastres e 1 pescante de bote salvavidas) segundo o formulario presente na seguinte ruta: www.portosdegalicia.com > Xestións > Modelos e formularios > 14. MEDIOS MECÁNICOS (AUTORIZACIÓN/REGULARIZACIÓN OU BAIXA) en título de ocupación do dominio público portuario

16. ACTA DE FORMALIZACIÓN DA EXTINCIÓN a realizar pola Xefatura da Zona de Portos de Galicia:

ACTA DE FORMALIZACIÓN DA EXTINCIÓN	
☒	NON NECESARIA. A tramitación do presente título non provén dun título anterior

17. ACTA DE CONFRONTACIÓN a realizar pola Xefatura da Zona de Portos de Galicia:

ACTA DE CONFRONTACIÓN		
☒	NECESARIA. A Xefatura da zona correspondente de portos de Galicia, debe realizar con carácter previo ao outorgamento do presente trámite a acta de confrontación da parcela con indicación e referencias exactas de medicións dos bens de dominio público a ocupar. A dita acta debe reflectir expresamente as cuestións que se indican a continuación.	
TRÁMITE	PUNTO A REFLECTIR	DESCRICIÓN DA CUESTIÓN A REFLECTIR
ACTA DE CONFRONTACIÓN. CUESTIÓN A REFLECTIR EXPRESAMENTE POLA XEFATURA DE ZONA	1	MEDICIÓN IN SITU E REALIZACIÓN PLANO/S ACOTADO/S QUE DEFINA/N XEOMÉTRICAMENTE A/S OCUPACIÓN/S EN PLANTA NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO
	2	MEDICIÓN IN SITU E REALIZACIÓN PLANO/S ACOTADO/S DO ALZADO DA EDIFICACIÓN
	3	CONEXIÓN COAS REDES EXISTENTES (PLANOS E FOTOGRAFÍAS), CON INDICACIÓN DOS <u>CÓDIGOS DE CONTADORES</u> (SE APLICA) QUE PORTOS DE GALICIA DEBE EMPREGAR PARA FACTURAR OS CONSUMOS DE ELECTRICIDADE E AUGA: • <u>Electricidade</u>: necesario presentar plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo • <u>Abastecemento de auga potable</u>: necesario presentar plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo • <u>Saneamento</u>: necesario presentar plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo • <u>Pluviais</u>: necesario presentar plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo • <u>Comunicacións</u>: necesario presentar plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo • <u>Gas</u>: necesario presentar plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo Outras: necesario presentar plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo



	4	SERVIZOS AFECTADOS¹⁰ (PLANOS E FOTOGRAFÍAS): • <u>Electricidade</u>: necesaria realización levantamento de campo e presentación de plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo. Inclusión da partida orzamentaria se procede • <u>Abastecemento de auga potable</u>: necesaria realización levantamento de campo e presentación de plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo. Inclusión da partida orzamentaria se procede • <u>Saneamento</u>: necesaria realización levantamento de campo e presentación de plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo. Inclusión da partida orzamentaria se procede • <u>Pluviais</u>: necesaria realización levantamento de campo e presentación de plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo. Inclusión da partida orzamentaria se procede • <u>Comunicacións</u>: necesaria realización levantamento de campo e presentación de plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo. Inclusión da partida orzamentaria se procede • <u>Gas</u>: necesario realización levantamento de campo e presentación de plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo. Inclusión da partida orzamentaria se procede <u>Outros servizos afectados</u> : necesaria realización levantamento de campo e presentación de plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo. Inclusión da partida orzamentaria se procede
--	---	--

18. INFORMES a solicitar por Portos de Galicia a OUTRAS ADMINISTRACIÓNS para a tramitación da concesión:

ÁMBITO ADMINISTRACIÓN	ORGANISMO AO QUE PORTOS DE GALICIA SOLICITARÁ INFORME	MARCAR "X" SE SE SOLICITA RÁ INFORME	OBJECTO DO INFORME	
			COMPETENCIA	DATOS PORMENORIZADOS
LOCAL	CONCELLO DE PORTO DO SON	(OBRIGATORIO)	URBANISMO	

19. NECESIDADE DO TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA, SEGUNDO O ART. 70.3 DA LEI 6/2017 DE PORTOS DE GALICIA

	TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA
A concesión emprega total ou parcialmente edificacións existentes de titularidade de portos de Galicia sen modificar a súa arquitectura exterior é para usos autorizados no plan especial de ordenación da zona de servizo do porto ou, na súa falta, na delimitación dos espazos e usos portuarios	☐ NON NECESARIO, pois aplica o suposto do Art. 70.3 da Lei 6/2017 de portos de Galicia e se pode prescindir.
	☒ SI NECESARIO

¹⁰ Se non houberse servizos afectados, sería preciso indicar expresamente no proxecto construtivo



20. TRAMITACIÓN AMBIENTAL:

<u>LEI 21/2013, DE 9 DE DECEMBRO, DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL</u>	Última actualización:
CLASIFICACIÓN DO PROXECTO E ACTIVIDADE A DESENVOLVER NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO	14/06/2023

21. ADVERTENCIA SOBRE A EXPLOTACIÓN DA CONCESIÓN. Segundo o Art. 90.1.g) da Lei 6/2017 de portos de Galicia, a cesión a un terceiro do uso total da concesión é causa inmediata de caducidade da mesma, polo que o único responsable e explotador da concesión é o titular da mesma.

22. PROPOSTA DE OUTORGAMENTO DE OFICIO DUNHA AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO "TRANSITORIA" EN TANTO EN CANTO NON SE RESOLVA O EXPEDIENTE CONCESIONAL:

AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO "TRANSITORIA"	
☒	NON PROPONSE OUTORGAR unha Autorización de Ocupación do Dominio Público Portuario "TRANSITORIA" namentres se tramita a concesión solicitada

Infórmase de que a notificación deste documento realízase obrigatoriamente de forma electrónica e a través do sistema Notifica.gal da Xunta de Galicia, segundo o indicado no Art. 41.1 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Asemade, informáse de que a notificación recibida e o documento notificado son plenamente válidos segundo os Art. 41.6 e 43 da citada lei. O interesado considerarase como notificado no momento que Portos de Galicia poña a disposición do interesado na sede electrónica a través do sistema Notifica.gal, segundo os Art. 40.4 e 43.3 da citada Lei. Segundo o indicado no Art. 43.2 da mesma lei, se transcorridos dez (10) días naturais desde a posta a disposición na sede electrónica da Xunta de Galicia o interesado non accede a esta, se entenderá que a notificación é rexeitada aínda que notificada e plenamente efectiva, proseguindo Portos de Galicia cos trámites que procedan do procedemento administrativo, sen que sexa preciso ningún acto de publicación en diarios oficiais.

Este acordo notifícase segundo o esixido no Artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Propón a **Dirección Xeral** e acorda a **Presidencia** de Portos de Galicia, segundo o informe da **Área de Explotación e Planificación**.



ANEXO I. PLANO/S DO ÁMBITO DO TÍTULO DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO

